



Actualizada a 02/01/2026 e 11/03/2026

## **CIRCULAR 176-2025.**

### **CRITERIOS PARA ASISTIR COAS SELECCIÓN GALEGAS 2026**

A composición das seleccións galegas será competencia da Dirección Técnica, que terá como órgano consultivo aos responsables de sector, e que terá por obxecto a convocatoria das seleccións que representen a Galicia na mellor das condicións e garantías.

A comisión técnica da FGA terá en conta os criterios de selección expostos no presente documento, establecéndose uns criterios xerais para todas as convocatorias, así coma uns criterios específicos para aquelas que así o requiran.

Aqueles atletas que, competindo fóra de Galicia, non teñan subido a ránking RFEA algún resultado de relevancia ao día seguinte do que vence o prazo indicado neste documento para a obtención de méritos, deberán comunicalos ese mesmo día a [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal) para ser tidos en conta.

#### **1. Criterios xerais**

- Resultado no último Cto. de Galicia celebrado na tempada da respectiva categoría.
- Posto no ránking galego da tempada.\*
- Estado de forma e resultados nas últimas datas.\*
- Regularidade e solvencia.
- Valoración da comisión técnica da FGA.

*\*Salvo indicación expresa nos criterios específicos, valoraranse os resultados obtidos ata dúas semanas antes do Campionato. Non se terán en conta, polo tanto, os acadados na propia semana do campionato, nin na anterior.*

#### **2. Criterios específicos**

	¿Criterios específicos?
Campo a través	SI
Marcha en ruta Sub 16 e Sub 20	SI
Trail Running	SI
Sub 16 en pista	NON
Probas Combinadas	SI
Sub 18 en pista	NON
Absoluta en pista	SI



## 2.1. Campo a Través (24-25 xaneiro)

Convocaranse un máximo de 5 atletas por categoría e sexo.

### o Sub 16

- Clasifícanse directamente os/as dous primeiros/as atletas seleccionables no Cto. de Galicia de Campo a Través.
- Clasifícanse directamente os/as tres primeiros/as atletas seleccionables no Cto. de Galicia Escolar de Campo a Través.
- As prazas restantes, de ser o caso, rexeranse polos criterios xerais, non sendo obrigado completar a selección nin as prazas se o nivel o desaconsella.

### o Absoluto, Sub 23, Sub 20 Masc e Sub 18

- Clasifícanse directamente os/as tres primeiros/as atletas seleccionables no Cto. de Galicia de Campo a Través.
- As prazas restantes rexeranse polos criterios xerais, non sendo obrigado completar a selección nin as prazas se o nivel o desaconsella.

### o Sub 20 Fem

- Clasifícanse directamente as **dúas** primeiras atletas seleccionables no Cto. de Galicia de Campo a Través.
  - **Actualización derivada da convocatoria de tres atletas galegas para o Cto. do Mundo.**
- As prazas restantes rexeranse polos criterios xerais, non sendo obrigado completar a selección nin as prazas se o nivel o desaconsella.

### o Remuda mixta

- Teranse en conta as marcas realizadas nas probas de 1.500 e 3.000 en pista, comparadas estas por táboa de puntos World Athletics, segundo o seguinte:
  - o Marcas realizadas entre o 01/01/2025 e o 31/10/2025: **100% dos puntos.**
  - o Marcas realizadas entre o 01/11/2025 e o 11/01/2026: **105% dos puntos.**

## 2.2. Marcha Sub 16 e Sub 20 en ruta (15 febreiro)

Convocaranse un máximo de 5 atletas por categoría e sexo. A categoría Sub 20 pode estar composta por atletas Sub 18 e Sub 20.

Clasifícanse directamente os 3 atletas seleccionables, para cada categoría e sexo, que obteñan mellor marca no Cto. de Galicia de Marcha en Ruta, sempre e cando os tempos realizados sexan inferiores ás seguintes marcas:

- o Sub 16 feminino → 31'38" (500 puntos)
- o Sub 16 masculino → 27'45" (500 puntos)
- o Sub 20 feminino → 57'13" (700 puntos)
- o Sub 20 masculino → 51'08" (700 puntos)

As prazas restantes rexeranse polos criterios xerais, tendo como referencia os resultados obtidos ata o 25 de xaneiro.



### 2.3. Trail Running (12 abril)

A convocatoria farase en base ao Ránking Galego de Trail Running, con peche a 29 de marzo.

- **Selección absoluta.**
  - Convocaranse un máximo de 5 atletas por sexo.
  - Poden formar parte da mesma atletas Sénior, Máster e Sub 23.
- **Sub 23.**
  - Convocaranse un máximo de 4 atletas por sexo.
- **Promoción.**
  - Convocaranse un máximo de 4 atletas por sexo.
  - A categoría Promoción fórmase por atletas Sub 18 e Sub 20.

### 2.4. Probas Combinadas (2-3 maio)

- Acudirase a dito Cto. no caso de que Galicia acade a clasificación.
- A convocatoria farase en base aos criterios xerais, tendo como última data de referencia o 19 de abril.
  - Poderase sacar unha Preselección con anterioridade, a fin de ir axilizando a loxística.

### 2.5. Absoluta en pista (27 xuño)

- A convocatoria farase en base aos criterios xerais, tomando como referencia os resultados obtidos ata o 20 de xuño.
  - Teranse tamén en conta os rexistros obtidos na segunda xornada das probas combinadas que se realicen esa fin de semana.
- Dada a pouca marxe de tempo entre Cto. de Galicia e Cto. por Federacións, sacárase unha preselección en torno ao 12 de xuño, a fin de gañar tempo e coñecer a dispoñibilidade das persoas que, segundo o Comité Técnico da FGA, teñan opcións de tomar parte da convocatoria final.
  - A relación por proba publicarase por orde alfabética, ao estar aínda aberto o período de obtención de méritos para acadar as prazas.

A Coruña, a 04 de novembro do 2025

Yolanda González Fernández  
Secretaría Xeral da Federación Galega de Atletismo